



CIG-Ensino reclama a apertura inmediata de negociacións para recuperar o horario lectivo previo aos recortes

A CIG-Ensino xa o dixo na Mesa anterior. A Consellaría non pode tomarlle máis o pelo ao profesorado. O persoal docente non pode agardar máis para recuperar o horario lectivo previo aos recortes.

Exiximos que se convoque de urxencia unha reunión da Mesa e que se nos devolvan os dereitos que nos roubaron.

A Consellaría afirma que non van presentar ningunha proposta no que queda de curso, como lle demanda a CIG-Ensino, literalmente porque “non é posíbel”.

Isto indica claramente que non teñen intención de facer nada e que o único obxectivo é manter o profesorado cos peores horarios do estado, só igualados por Madrid: **Ayuso e Rueda** como últimos baluartes do desprezo ao profesorado e ao ensino público.

Durante o desenvolvemento da mesa sectorial a CIG-Ensino concentrouse esixindo o comezo inmediato das negociacións para a recuperación do noso horario lectivo.

Data de publicación do CADP

A Consellaría indica que a publicación do CADP é inminente.

Peches de aulas: hermetismo e deterioro da educación

A CIG-Ensino quere saber que previsións ten a Consellaría para o curso que vén ao respecto das aulas pola caída de matrícula. O sindicato demanda:

- que non se peche ningunha aula
- que se aproveite para reducir as ratios
- que se garanta unha política de reforzo do ensino no rural

O director xeral non ofrece información nin se compromete a reunirse cos sindicatos para informar sobre posíbeis peches de unidades. Tan só afirma que hai “unhas dúas ou tres unitarias que pecharán por ter pouco alumnado”.



Borrado de materiais didácticos de Matemáticas en galego da web da Consellaría

Un total de 169 unidades didácticas foron eliminadas do portal da Consellaría de Educación, nun novo exemplo da persecución da nosa lingua no ámbito científico.

Unha nova medida censora como esta xustifica aínda máis a imperiosa necesidade dun cambio de rumbo na política lingüística da Xunta, cun secretario xeral de política lingüística mudo ante todas as agresións destes últimos anos e cun conselleiro de Educación convertido en vangarda do negacionismo dos efectos do decreto de 2010, cun claro deterioro do papel da nosa lingua no ámbito escolar. A CIG-Ensino, xunto con outras

entidades e organizacións do ámbito educativo e da defensa da lingua ten amosado unha vontade clara para formular propostas que superen a situación de emerxencia lingüística actual e nesa liña seguiremos actuando: acción propositiva e denuncia de todas as medidas que busquen a relegación do noso idioma así como de defensa de todo o profesorado que, usando a nosa lingua en todos os ámbitos do coñecemento, dentro e fóra das aulas, poñen en valor o noso idioma e apostan polo seu futuro, transmitindo ao alumando a importancia de vivirmos en galego.

A Consellaría atreveuse a dicir que non houbo ningún borrado e que se limita a unha actualización ordinaria en unidades e materiais que están obsoletos ou que teñen problemas de compatibilidade técnica cos requisitos da web da Consellarías.

Para a CIG-Ensino é vergoñento que se poña esa escusa cando hai multitude de contidos na web da Consellaría que non están operativos e que os contidos que “desaparecen de golpe” sexan os dunha materia que o goberno galego prohíbe que se imparta en galego. É unha anormalidade democrática que a Consellaría legisle en contra do idioma propio do país.

CIFP de Leixa: non se cubre unha baixa médica e lle asigna o horario a outro profesorado do centro

Como xa fixemos público e se lle remitiu ás direccións xerais de Centros e de Innovación así como á Xefatura Territorial, estamos totalmente en contra da decisión unilateral da dirección do centro ferrolán de cubrir unha baixa médica co profesorado do centro e impedindo, deste xeito, que se ofertara para unha substitución cando a baixa era de dous meses.

A Consellaría indica que entra dentro da capacidade organizativa do centro ao ter profesorado no centro co alumnado en formación en centros de traballo.

Para a CIG-Ensino esa afirmación é moi grave xa que unha cousa é a aplicación das instrucións para o curso escolar que tamén están na orde de calendario e outra é non cubrir unha baixa por enfermidade. Que unha administración non impida esta actuación arbitraria crea un perigoso precedente e deixa en moi mal lugar a quen debe velar polo cumprimento das normas en materia de persoal.

Vacacións non gozadas por IT

A xefatura territorial de A Coruña pide informe das direccións para concedelos, entendemos que esta medida é totalmente inaceptábel.

A administración non lle ve problema a solicitude do informe, indica que se ten o dereito a solicitar as vacacións, pero non en que momento. Din que en caso de denegación se presente un recurso.

Actualización dos trienios co tempo das vacacións non gozadas

As xefaturas territoriais están actualizando os sexenios, pero non os trienios, xa que están pendentes dunha actualización global dos servizos centrais, esta espera vén desde o 2017.

A Consellaría asume o erro, di que pensaban ser capaces de facer unha actualización informática dos trienios do persoal pero que non foron quen. Estanlle dando voltas á posibilidade de actualizar as datas de perfeccionamento dos trienios e deixar o resto para un momento posterior.

Orientación

Amosamos a nosa satisfacción pola resposta da Dirección Xeral de Innovación pola que se nos contesta que o profesorado desta especialidade non vai impartir docencia, como se indica no Real Decreto.

Consideramos, con todo, que iso debe ser algo máis que a resposta á CIG e se debe incorporar nunha circular que se remita a todos os centros educativos.

A Directora Xeral afirma que así se vai facer.

Polos creativos nos centros docentes

A Consellaría vén de anunciar a ampliación do programa de “Polos Creativos” a todos os centros galegos, pasando de 225 a máis de 1200. O persoal que actualmente atende dito programa desde os CFR é totalmente insuficiente xa para o que fai polo que queremos saber que pretende facer a Consellaría para atender as incidencias do material que se envíe.

13 millóns de euros en material, con ou sen control?

Preguntámonos que estudo se fixo para facer esta extensión sen contar coa opinión dos centros e polo tanto sen saber se vai haber profesorado que se faga responsábel do programa e incluso se van contar con espazo físico dentro do centro para facer uso de todo o material que se vai repartir, como así marca a convocatoria do ano pasado.

A Consellaría informa que estes cartos veñen dun fondo finalista do Ministerio de Educación (a través de fondos europeos) e que só se podían investir nisto.

Como se van gastar eses 6 millóns de euros para formación?

O lóxico sería contar cunha persoa coordinadora en cada centro para ese cometido mais iso implica un deseño específico e claro onde primeiramente á persoa coordinadora de cada centro xunto co seu equipo dinamizador se lle oferte unha formación intensiva xunto cunha redución do horario lectivo necesario para dita coordinación.

Estes fondos, que tamén proveñen de fondos alleos á Xunta teñen un carácter finalista aínda que din que non serán só para formación, podendo investirse tamén noutras funcións que non aclaran.

Novo desvío de fondos para a privada

Non é de recibo que este programa se estenda aos centros concertados. Estamos falando da xestión de recursos públicos para empresas privadas e

falamos dunha contía que, como mínimo, parece que superará os 13.000€ por centro.

Solicitud de entrega de unidades didácticas por parte dos tribunais

Recibiron instrucións os tribunais, van ter que entregala, van operar igual todos os tribunais?

A administración indica que non lle ve problema a que cada tribunal actúe dunha forma distinta e que non vai a haber indicacións xerais.

Aplicación da sentenza de prazas na quenda de discapacidade

Existe unha sentenza recente que anula a posibilidade de acumular as prazas da quenda de discapacidade á xeral se non se cumpre o requisito de superar o 3% das prazas cubertas nesta quenda. Neste caso a sentenza indica que as prazas se deben acumular á quenda de discapacidade da oferta seguinte. Preguntamos se van aplicar a sentenza nas oposicións deste mes.

A Administración afirma que non a vai aplicar neste momento posto que non está recollido nas bases das oposicións.

Devolución das taxas das oposicións ao persoal excluído por superar o concurso excepcional de estabilización

Non o van facer de oficio. Debe solicitarse a devolución á dirección xeral de centros e recursos humanos ao través dunha instancia xeral en sede electrónica e anexando o certificado de titularidade da conta bancaria.